

1

O lugar e a casa onde nacín

O meu lugar chámase Insuela, un nome curioso porque non pasa por el río, nin regueiro, nin regato e pode provir dunha Insula de cristianización antiga... A nosa casa tiña o número tres, agora é o número un. Inda lembramos o número dous onde pasou a vida meu tío Santiago Ogando, casado coa miña tía Manuela. A primeira casa desfixéranla e fixeron a barra e o cortello dos porcos. A segunda casa tiña escaleiras de subida a unha barra pequena que chamabamos o “gueicholo” e a morada con dous departamentos. Debaxo había dúas cortes, unha para a vaca e a outra para as bestas....

A casa onde nacín daba ó camiño, chamado Camiño Real, cunha entrada para un curral con portal de ferro, entrada do carro, do gando e da xente. Unha escaleira subía a un patín e á entrada á parte baixa da casa. Preto da escaleira estaba a porta da cociña á que se pasaba pola corte da vaca do leite, o cortello das crías, a pía dos porcos e o cortello dos porcos pequenos...

A cociña era bastante grande con forno, salgadeiro, artesa grande, louceiro coa louza de diario e lacena para gardar comida e condimentos para a cociña. A lareira alta, que non se usaba por ser máis agarimosa a baixa con trasfugueiro de pedra que lle chamabamos o trafugueiro,...

Unhas escaleiras levaban ó pasadizo onde estaba unha arca onde se gardaban as cousas de comer, aceite e vinagre e os ovos que ían poñendo as galiñas que viñan comprar e pagaban a ducia a peseta e chica.... Por unas escaleiras de madeira, fixas, subíase á sobremesa onde tiñamos dúas arcas grandes para millo e centeo e no chan as patacas... Nun caixón alto a louza da festa.

Unha porta daba paso a un pequeno salón comedor, cunha mesa con dúas gabetas, unha arca con roupa, seis cadeiras, un butacón, un banco de respaldo, un



ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

banco sen respaldo na habitación dúas camas, unha de ferro alta e outra de madeira, unha cómoda bastante grande, un caixote pequeno para o calzado. Unha alcoba cunha rinconeira, cama de madeira e unha cadeira. Aquí nacín eu á unha da mañá do ano 1905, día vinteito de Nadal, festividade dos Santos Inocentes.

(“O lugar e a casa onde nacín”, *Grial*, Vigo, 1999).

2

O río Miño: realidade, lenda e literatura

En Galicia as augas teñen vida e dormen pola noite e sítense feridas si se bebe un vaso de auga con unha vela acendida na man. Moitos ríos foron mulleres que cansas durmiron no lugar do nacemento. O Miño foi un home. O PAI MIÑO, a quen as xentes presumen con grandes barbas, como todos os ríos, ten o seu leito deica chegar ó mar, e, cando chega bota pola boca a auga recollida, desemboca no mar. Un mosaico descuberto en Lugo ten a figura de un home barbudo e moita xente sempre que o ve di que é o Miño. É lástima, realmente, que Asorey non representara o noso río como Apolodoro de Damasco representou o Danubio na columna marmórea de Traxano en Roma...

Os románs afirman que é navegable uns 800 estadios. Ningún indica o punto xusto do nacemento e Poseidón di que procede do país dos Kantabroi, o nome e ista procedencia fai pensar que o río que chamaban Miño era o Sil. O nome pode levar millor a Pena Rubia, onde están as fontes do Sil, fontes que poden ser de color do minio o que non ten as fontes do Miño actual, como personalmente temos comprobado...

Ninguén sinta a menor preocupación polo que acabamos de dicir. Hoxe ninguén vai pedir cambio de topónimos, o recordo histórico remata con iso: con un recordo, porque para todos o Miño é o Miño, e o Sil é o Sil.

A verdade xeográfica indica que as augas do Miño ten o seu comezo no alto da serra de Meira, nun nacente que aparece debaixo de unhas grandes penedas e outro que se oi pasar por debaixo das pedras do Penascal, e da fonte que xurde na beira do camiño que vai pras leiras de Irimia...

(“O río Miño: realidade, lenda e literatura”, en Conferencias sobre el Río Miño, Caixa Ourense, Ourense, 1989).

Peregrinaxe a Santiago e as romarías de Galicia. Lendas e tradicións

A persoa que ía a Santiago tiña, desde moito antigo, a cuncha da vieira como símbolo emblemático. As lendas relixiosas e as razóns mitolóxicas outórganlle á cuncha un singular valor. A lenda conta que un príncipe portugués paseaba a cabalo pola beira do océano e, sen ningún motivo, desbocouse o cabalo no intre en que pasaba o barco que traía os restos do Apóstolo morto para Compostela. Sen poder deterse, cabalo e xinete foron parar ó mar. É seguro que afogarían se non fose porque o príncipe pediu axuda ó ceo, ó santo que protexía os navegantes que estaban naquelas augas, e xinete e cabalo saíron do mar cubertos de cunchas. Razón sobrada para conseguir a categoría de peregrinar, e ademais campan en varios brasóns da nobreza. Isto era unha valiosa proba de ter estado en Compostela, onde un dos barrios era o dos Concheiros; con roupa fina ou tosca os peregrinos buscaban as cunchas para coser no sombreiro e na esclavina. Hoxe en día son poucos os que as traen penduradas nas dúas pezas.

A cuncha era un testemuño da estada en Compostela e os pillabáns do Camiño traficaban con elas; este negocio xa comezaba dende a entrada en Santiago...

*(“Peregrinaxe a Santiago e as romarías de Galicia. Lendas e tradicións”, en *Romarías e peregrinacións. Actas do Simposio de Antropoloxía*, Consello da Cultura Galega, 1995).*

A romaría e carballeira de San Xusto

... A ermida, pequena, de planta de cruz latina, ten cuberta a cabeceira con bóveda de nervaduras e a nave con artesanado de madeira. A parte máis antiga pode ser do século XV ou do XVI. A romaría é das máis sonadas da parte norte de Cotobade ... Viñan xentes para quen era obrigado oír misa e asistir a unha procesión na ermida de Nosa Señora dos Remedios que está nos montes de Fentáns, na dereita do Lérez...

Logo os festeiros pasaban a noite nas inmediacións da capela. Nas antigas festas, o día 4, pola noite, chegaban as rosquilleiras e panadeiras de Caldas. Traían empanadas, mel, rosquillas e pan de trigo. Tamén ese mesmo día ían á caza das cabras salvaxes ós montes de Fentáns, ós acantilados que caen perpendiculares para o río, onde tiñan que descolgarse os mozos atados con cordas. Isto agora non se fai. Desapareceu tamén a “danza de espadas”, que executaban na carballeira...

Había na festa ofrecidos co seu hábito, caixas de mortos, principalmente de nenínos, que levaban na procesión o día 6, na cabeza, ofertas dalgún carneiro, polos e cartos...

A romaría de San Xusto, como se di por abreviar, ten o seu cantigueiro popular e tamén erudito, dos que damos unha mostra:

*Carballeira do San Xusto,
carballeira famosa,
naquela carballeiriña
perdín eu a miña Rosa.*

*A Carballeira do San Xusto,
ten ó lado unha xesteira
onde hei de botar a noite
cunha mociña solteira...*

(Romarías e santuarios (Ed. Galaxia, Vigo, 1988).

5

O foxo do lobo da Anta

No vello camiño que polo Batán, lugar da parroquia de Loureiro, se ía pra Corredoira, parroquia na penichán que afasta as augas do Lérez das do seu afluente máis importante, o Almofrei, atópase o foxo e parte do seu cercado, denominado: O Foxo da Anta, porque no plano limitado polos muros da cerca había unha mámoa. O foxo era o recinto cerrado, de muro de mampostería, de forma circular con unha porta estreita, aberta a nivel do terreo máis baixo, era espacio de pequenas dimensións e bastante outo pra que o lobo que alí caía non puidera saltar o muro...

Os muros que saían do foxo forman un ángulo de lados longos con cancelas en todos os camiños por onde cruzaban os lobos. As cancelas custodiábanas por parroquias ou lugares. Estaban abertas cando se facía a corrida pra que pasara o lobo. Unha vegada dentro cerrábase a candela con boas pedras deica atinguir o nivel do muro...

Na víspera da corrida o señor Bernardino Raxoi, meu informante, pasou por diante da porta do foxo... No día seguinte foi á corrida, o lobo saltou pro foxo xa morto [déranlle un ou máis tiros antes de chegar] sacárono e deixárono tumbado nunha laxa, pasou un dos cazadores e doulle coa culata da escopeta, con tan mala fortuna que se disparou e matouno. A traxedia puxo fin ás corridas no foxo da Anta.

(“O derradeiro lobo no Foxo da Anta”, Faro de Vigo, 8 de agosto de 1989).

As comidas do Entroido

O Entroido ten a súa comida especial, en tódalas casas hai fertura i en todas se roga con comida somellante. Son contados os sitios onde se atope un bisté, pero en ningures falla a bincha e os petotes, sobre todo o primeiro que é unha cousa corrente como o bacallao e o viño quente en noite boa...

O que sexan os pratos devanditos a comida sinalada pra istes días como característica non quere dicir que sexan os únicos, eles non dan abundancia. Pra iso está a cacheira, as longanizas, os chourizos (a maior parte das veces a paiota), o rabo, un pedazo de touciño de tres frebas, etc. Non faltan tamén as papas de arroz ben cargadas de azucre.

Tódolos peisanos teñen pra sinalar o Entroido un pedazo de carne inda que o resto do ano pasen sin ela. Contan por alí que un labrego non tiña carne pra festexar o Entroido como os veciños, dado o número de fillos que rodeaban a mesa. Da touciñeira non penduraba máis que un pedazo de touciño, ben pequeno por certo. O pai que non quería que os seus fillos pasasen diante dos outros rapaces mostrando que non comeran carne untoulle os beizos a todos encargándolles que non os limpasen deica finar o día. O máis velliño foi logo xogar cos compañeiros e un diles fixándose na grasa que traía no queixo díxolle: Seica comeche moito touciño? Iste que se ve, retrucou o intresado todo satisfeito...

(“O Entroido nas terras do Sul de Cotobade”, Nós. Boletín mensual da Cultura Galega, Ourense, 15 de maio de 1930).

Florentina, a moza que morreu de amor

O día de Nadal do ano 1857 morre en Loureiro de Cotobade unha moza solteira, rapaza fermosa e en moi boa situación económica. Sobraban pretendentes pero namorouse dun veciño que prefireu a mozas de fora, contan que algunha era de Santiago.

Resultado dos namoros Florentina tivo un meniño, estaba firme que moi axiña ía casar co namorado. No medio de ledos pensamentos un parente mostroulle o meniño ó pai do mozo e díxolle: mira que netiño tan fermoso tes. E o pai sen reparar na beleza do meniño, respondeu: “endexamais será neto, o meu fillo casa mañán con outra moza”. Florentina ouveu ben semellante resposta e xa non saleu da cama. Florentina morreu de amor...

A lauda está diante da sepultura, ó lado do muro da Igrexa, e no espacio que forma o patín da escaleira que vai ás campanas. A lauda ten na parte superior un simulacro de calavera. A Castelao emocionoulle a historia e dedicoulle o segundo libro de Cousas: A FLORENTINA, RAPAZA QUE MORREU DE AMOR NA FELIGRESÍA DE LOUREIRO. O texto da lauda di así:

De la prenda tan querida
yacen aquí los despojos
y no se contienen los ojos
de llorar a Florentina García
joven desconsolada
que a los 23 años de edad
pasó a la eternidad
Diciembre día primero
de vida fue el postrero
para esta joya mal lograda
1857.

(“Un recordo de Florentina García”, Faro de Vigo, 6 de decembro de 1992).

O río Almofrei

Un río é un camiño que anda. Así ten sido definido calquer río, e á verdade podemos dicir que lle vai ben a definición, pero onde podemos non estar de acordo e no nome, é dicir como lle chamamos ó noso río...

Nace o río Almofrei na quebrada do Seixo, na Bouza do Home, e baixa pola parroquia de Caroi arrimado ó lombo montesío do Cabeiro e afondando o val, de cara ó poñente, ben vixiado polo coto de Costa Drago ou Castro Drago, onde a tradición sostén que dende moi lonxe viña a xente oír Misa á eirexa de Caroi...

Continúa o seu recorrido por entre os lugares de Pazos á esquerda e Lagoas e Cova da Ovella á dereita. Axiña comenza o gran descenso rozando Borela coa vella ponte por onde pasaba unha calzada román que baixaba pola Escorregada...

Xa chegamos á Xesteira, na parroquia de Almofrei, e aquí está o topónimo do noso río, agora en descenso brusco que forma no fondo da costeneira da Soldada un val de unha sorprendente beleza que pode ser admirada dende o mirador moi ben emplazado cerca da fonte...

Serenamente o Almofrei pasa as Pontes de Bora e pérdese no Lérez que ven de escoitar e sin poder oír os Nocturnos dos mosteiros de Acibeiro e de Tenorio, así xuntos van a constituír a máis bella estampa fluvial de todos os ríos de España, endulzando as augas da ría de Pontevedra.

(“O río Almofrei”, Tiempo de Ocio, Delegación de Pontevedra da Consellería de Turismo, Xuventude e Deportes, Pontevedra, setembro, 1984).

9

A Terra de Montes

... O nome de Candán parece que recorda un culto pagán que podía ser o de Jupiter Candamio. Iste culto á grandeza montaraz debía ter un punto de reunión coa correspondente ara, e visto semellante lugar de culto pagán os benedictinos cistercienses cristianizaron o lugar dando culto a San Bieito, como monxes poboadores da montaña, e dende o século XII había unha pequena ermida, pequeno santuario onde se celebraba unha gran romería deica rematar o mosteiro de Acibeiro. O santuario foi adequirindo cada día máis importancia e non ían á festa de San Bieito da serra do Candán os da Terra de Montes só, tamén ían os das xurisdiccións de Señorín, Deza, Trasdeza e outros lugares de lonxe. Todo ía moi ben pero comezou a pelexa, que foi pasando a gresca, na que tomaban parte todos, incluídos frades e cregos, loitas antre mozos de Grava, Laro, Vilatuxe, Lalín e Silleda, contra os da Terra de Montes, cotos e xurisdicción do mosteiro de Acibeiro (Beariz, Duasiglesias, Forcarei, Millarada, Pereira, Soutelo, Acibeiro). Os que provocaban os primeiros trompazos tiñan o grito de guerra: A min os larutos! E os de Acibeiro respondían:

*Larutiño si, o son,
conóceseme ben nos dedos
e de apelido me chaman
neto de fervecanelos.*

Semellantes grescas acabaron coa festa, que deixou de celebrarse e como non houbo quen mirara pola ermida, foi esmorecendo e non queda máis que un escombros de pedras para indicar o lugar...

(“Terra de Montes e terras veciñas”, Cotaredo. Revista cultural e turística do Concello de Forcarei, 1, 1998).

10

Don Antonio Losada Diéguez

Don Antonio naceo o día 22 de Nadal de 1884, na parroquia de San Mamede de Moldes, no pazo da Chousa. Foi de pequeno pra a Estrada onde seu pai, don Miguel, foi Notario e un dos que orgaizaron a sociedade do Casino do que foi Presidente. Reiteradamente faise mención do pensamento tradicionalista da familia, pensamento que viña de antigo...

Graduado en Letras na Universidade de Deusto, volve pra Galicia e na Universidade de Santiago exerce como Profesor Axudante de don Armando Cotarelo Valedor... Ó mesmo tempo Losada estudia Dereito e na Facultade está don Salvador Cabeza de León, gran amante de todo canto se relacione con Galicia...

En Ourense foi axiña amigo de Vicente Risco, Cuevillas e Otero Pedrayo, Arturo Noguero e Leuter González Salgado. Era o grupo de mozos xentes mui cultas un tanto metidos na cultura francesa e todos moi elegantes... No curso 1919 xa deixa Ourense, pero deixa un mundo novo, os homes da CENTURIA van ser agora os homes da Revista NÓS, unha xeneración nova no pensamento do mundo galego. A Revista NÓS foi pensada por Losada, Risco e Castelao, o gran amigo pontevedrés... En Pontevedra foi o gran realizador de ideas...

...Veleiquí unha nota da vida do mestre e amigo que no día do seu enterro Castelao dixo chorando: "Alá nos vai o noso mestre, temos de facerlle un libro... un gran libro". Del faloulle tamén a Otero Pedrayo, pero non tivo tempo de facelo por culpa da emigración.

("Don Antonio Losada Diéguez", Outeiro, 15, Caixa Galicia, A Coruña, decembro, 1984).

11

Ramón Otero Pedrayo

Don Ramón Otero Pedrayo foi un dos grandes mestres de xeografía que explicou doadamente o concepto de paisaxe xeográfica, combinación dos variados factores do relevo, vexetación, clima, traballo humano, fauna e camiños, todo dentro de uns horizontes determinados...

Comenza describindo a paisaxe, unha paisaxe como exemplo, a que se descubre dende o lugar de Cima de Vila na parroquia de Trasalba. A observación ten os lindeiros nos horizontes, pero o punto primeiro de observación é a solana da súa casa, o primeiro que facía Don Ramón era mirar as diferentes coloracións dos líquens. Na lonxanía, no horizonte as serras con un aspecto que semella estar sin ningunha vexetación. É un gran engano porque están cubertas de maquis de xesta e toxo. Hai que variar moitos conceptos motivados polo cambio estacional. Predominan as formas redondeadas e os penedos e laxas de granito, material do que están feitas todas as casas, os cerres dos agros, os muros de contención de terras e os apeos das parras...

Misterioso horizonte paisaxístico con neboas repousadas trilladas por luces de invernia na serán curta que baixa pra noite decembrina, despedindo raxeiradas que tran as noites de vello fiadeiro, fría, de xiada, de campos brancos como de neve. Don Ramón é o gran creador de iste novo concepto xeográfico.

(“Don Ramón, o xeógrafo das paisaxes”, Outeiro, 28, Caixa Galicia, A Coruña, marzo, 1988).

12

O gaiteiro de Soutelo de Montes

Soutelo é un conxunto garboso emplazado na Terra de Montes, que dou nome á bisbarra, nas beiras de camiños de fondo siñificado económico, camiños de arrieiros, de feirantes, de paso de carromatos e de canteiros que o Cantigueiro celebra pola subida da costa do Paraño. Ten toda esta comarca xusta fama de grandes contratistas que inda hoxe levan a palma no desenrolo de obras da máis difícil execución e non falta nunca o remoque artístico, ese don de Dios que dá unha personalidade singular a cantos traballan a pedra, a madeira e o ferro. Pero non podía faltar o sublime arte musical, e con notas musicales marca compases de lenda que ten vivencias en moitas terras, de cerca e de lonxe, onde o son da gaita queda como o ouro encantado nos castros que se vai facendo cada vez máis puro, máis brillante e superior a calquer ouro que anda bailando a usura e a cobiza no mundo enteiro. A música ten un nome, o Gaiteiro de Soutelo...

O grupo de gaitas, tambor e bombo, ou gaita e flauta, acompañábase de cantigas, foi o primeiro grupo músico vocal que, con arte e bon humor, andivo de festa en festa por toda Galicia. Do seu humor é mostra a súa presentación:

*O gaiteiro de Soutelo
un raio de Dios o mate,
non quere tocar a gaita
se non lle dan chocolate...*

(“O gaiteiro de Soutelo”, El Correo Gallego, 26 de agosto de 1977)

13

A rapa das bestas de Sabucedo

...Curiosa orixen é a evolución do nome de ista parroquia Sabucedo que ten ribetes de sagrado porque debe saír do latín sambucus ou sabucus que siñifica sabugueiro, un arbusto que no mes de San Xoán aromatiza fortemente o lugar onde fforece...

O poboamento orgaizado constituíndo grupo de un lugar parece que pode seguirse dende comenzos do século XV, cando Sabucedo vai comenar a pertencer á chamada Tenencia de Codeseda pertencente ó cabido eclesiástico de Santiago. As nove persoas do foro parece que era o número total de veciños. A fins do século XIX tiña Sabucedo 262 habitantes...

...O once de Nadal de 1651, visitou a freguesía o licenciado Francisco Tizón polo arcebispo Don Fernando de Andrade e no recoñecemento dos bens anota: “Al presente ay quatro leguas, dos grandes e dos pequenas” e non comenza a venda deica o ano 1682. Fórmase a primeira grea. Comenza o uso da verba acurrar que aparece no ano 1733 e no século seguinte a desamortización e foi o crego o defensor das bestas.

A Festa ten a base na Igrexa e Don Manuel Cabada describe a Igrexa parroquial, como “expresión e símbolo da Festa da Rapa”. Historia de construción coa súa torre, obras e reedificación...

Comenza coa Misa na alborada, e sigue coa “baixa”, traer ó curro as bestas, a “rapa” a loita co animal, corpo a corpo que require valentía e saberes...

(“A festa da rapa das bestas de Sabucedo. A súa orixe mítica ou histórica”, O Correo Galego, 27 de novembro de 1994).

14

Un recordo de aquela Estrada

Dos centros urbanos de Galicia que máis aumentaron pensamos que é A Estrada. Fun a ista vila como profesor cursillista no ano 1933 e deixei de prestar servicios no xa Instituto de Ensino Medio no ano 1936... Exercín de Secretario do Colexio, que foi o primeiro centro de Ensino Medio, logo Instituto Elemental e derradeiramente, Instituto de Segunda Ensinanza...

Fai anos, non moitos anos, a Torre de Guimarei quedaba arredada do pobo, das rúas da vila, pero a Vila medrou de tal xeito que pra coñecela o meu amigo Matalobos paseoume por ela mostrándome as súas rúas, e medrou tanto o seu plano que ben pouco se parece a aquel croquis que ensinaba eu pra decatarse dun plano e un poblado, vila ou cidade, e na súa expansión colle a Torre, agora noble símbolo no escudo da Estrada. Non sei se a torre poderá ser restaurada non pra establecer a vixilancia da custodia da vila pero si pra un noble servicio que podía prestar. Hai algunha torre transformada en parador outras en museo co que eu soñei un día dándolle como primeiros ouxetos canto atopamos nos castros onde fixeramos pequenas catas. Aquelo foi un soño... Buenos os soños non son máis que iso, soños; pero quen sabe se outro día alguén soña ó redor da Torre de Guimarei...

(“Un recordo de aquela Estrada”, *Faro de Vigo*, 24 de xuño de 1992).

O traxe tradicional de Galicia

En Galicia, ó igual ca noutras comunidades histórico-culturais, a vestimenta sufriu numerosos cambios ó longo da historia, froito tanto das adaptacións locais coma de influxos externos. Por iso non podemos falar con rigor dun modelo de traxe masculino ou feminino que sexa definidor absoluto da identidade galega. De todos os xeitos, a partir do século XIX, co nacemento da preocupación polo folclore, considerouse peculiar da nosa terra un conxunto de roupas propias dos séculos XVIII e XIX, ós que se dotou dunha capacidade identificadora con Galicia porque presentan unha serie de características que serven a propios e a estraños para evocar o galego. Grupos folclóricos e asociacións encamiñadas a fomentar o seu uso festivo ou de exhibición elevaron eses modelos –sacados de vellos arcóns ou de documentación gráfica ou escrita- á categoría de sinais peculiares dun aspecto da cultura galega ó que non debemos renunciar. Por iso, é oportuno adicar un apartado desta obra ó tema.

Ademais das contribucións de estudiosos do século XIX, que nos deixaron descriucións ás veces minuciosas do traxe tradicional, nos últimos decenios publicáronse varias obras de especial importancia para coñecer o que era a vestimenta dos galegos no pasado recente, tanto a de diario como a de gala...

(“O traxe tradicional de Galicia”, en Galicia – Antropoloxía, Hércules de Ediciones, A Coruña, 1997).

16

A leiteira

Debemos rexistrar os cambios que se producen no mundo, noso, o mundo de un vivir sinxelo de xente que non ten empresa e cumpre na vida o desempeño do seu oficio. Niste orden social desaparece unha profesión de moita importancia fai sasenta anos e hoxe vai esmorecendo, como son as leiteiras campesiñas con servizo a domicilio, e venta ó público en determinados lugares da cidade.

Era a leiteira unha figura clásica, sempre de pañuelo na cabeza, atado de diferentes maneiras, a gusto da persona; chambra e saia, algunha vegada toquilla nas frías mañáns de inverno. Nos comenzos da nosa chegada a Santiago, calzaban zocos con chapras pra que a sola de madeira tivese unha vida algo máis longa. As chapras nos zocos eran de uso corrente e resultaban unha ameaza para carreteiros e taxistas, que facían mostra permanente delas clavándoas nas xuntas das lousas nas aceras da parada.

Centos de mulleres a pé entraban polas rúas de Santiago con un lixeiro, pero moi acompasado camiñar, era iste barullo primeiro na cidade e toque para erguerse de moitos compostelanos que tiñan que madrugar. As leiteiras eran compañía segura, non faltaban ningún día do ano, e facían o camiño en grupos, ós que se xuntaban moitas mociñas do Instituto, tamén viaxeiras a pé, que chegaban sempre puntuales...

(“A leiteira”, Faro de Vigo, 17 de xullo de 1989).

17

Esfolladas

A cántiga refire a preocupación da mocidade por asistir a esta xuntanza de traballo e festa despois de rematar outras tarefas de recolección:

*Acabáronse as vendimas
e veñen as esfolladas,
para comer coas mozas
catro castañas asadas.*

A esfollo, tamén chamada en moitos sitios a escasula e a escrouchiña é o traballo que se necesita para sacalas follas, os follastros, ás espigas do millo. As follas que acochan e defenden o grao na espiga, son de dúas clases: as de fóra, que son máis gordas e máis duras, e as máis finas que son as interiores; destas afastábase unha cantidade especial, para renovalos colchóns de lan, pero os de follato estimábanse máis sans e daban millor dormir. A esfollo era traballo que facían os da casa pero había labradores que collían moito e facían unha esfolloada...

A esfolloada ou escasula era motivo de festa, unha festa de traballo. As mozas de varios lugares ían esfollo millo dunha familia, xuntábanse pola noite coa luz do farol ou do carburo que alumeaba o cuberto onde estaba a maior parte do millo. A asistencia das mozas traía consigo a aparición dos mozos... Cando un mozo ó esfollo atopaba un rei (espiga de gran vermello) dáballo un abrazo e un bico a cada moza, se as mozas querían...

(A festa popular en Galicia, Ed. do Castro, Sada, 1995).

18

Romarías e santuarios

As manifestacións de fe en Galicia teñen unha extraordinaria relevancia, que se fai visible dende as grandiosas igrexas catedrais deica as máis sinxeliñas ermidas, os estreitos oradoiros, os petos das almiñas en pena ou os cruceiros e cruces que presiden lugares, pontes e camiños. Vellos, moito máis vellos do que moitas veces pensamos, son certos costumes e devocións ó redor dalgún monumento relixioso e do culto que alí se celebra, como ocorre, por exemplo, coa exposición permanente na catedral de Lugo. Mais a relixiosidade ten as grandes manifestacións colectivas que co nome de festas e romarías se celebran dentro e fóra do santuario. Os camiños da terra galega senten cada ano o paso un tanto inqueda e o agudo troupelear dos romeiros, que fan, ó mellor, varias leguas para cumprir unha oferta ou rezar unha pregaría ó santiño que na isolada ermida ten o seu día de festa.

Queremos tamén tratar de valorar todo canto teñen de positivo as romarías, a emoción sincera do recoñecemento da mediación do santo, a viaxe para agradecer a recuperación da saúde perdida, como sinala a cantiga:

*Teño que ir a Santa Minia,
teño que ir á Escravitude;
teño que ir a dárllelas gracias,
que me deron a saúde...*

Ben poucos serán os que non teñan moito que agradecer ó santiño, porque todos os días se obra en nós un milagre, inda que o pasemos un pouco por alto. Fagamos agora a romaría percorrendo camiños e carreiros, e fagámola como unha pequena retribución por canto lle debemos á Providencia.

(Romarías e santuarios, Ed. Galaxia, Vigo, 1988).

19

O culto ós mortos

Nas almas sinxelas, onde mora a fantasía ten na actualidade a morte un capíduo intresantísimo de folk-lor. Galicia, terra de vellas lendas mourentas con fondas reminiscencias do pasado que se atopan dende a beira do mar, que embravecido fende as olas escumosas contra as terras verdecentes do litoral, deica as outas serranías onde o vento húmido vai mordicando as rexas pedras de grá; hai en toda ela un arquivo coase inédito de crenzas encol da morte, lendas que gardan fonda somellanza coas de outros pobos, maormente Portugal e a Bretaña.

Non é doado afastar certos ritos pagáns de prácticas relixiosas que rodean as crenzas sobor da morte e da inmortalidade. En xeneral, agás moi contados casos, todos pensan que aló da morte hai unha nova vida, de ledicia para os benfeitores e de angueiras eternas a carón das caldeiras de Pedro Botello para quen tivo unha mala vida. Ás vegadas atópanse certas contradicións coa maneira corrente de pensar, contradición que ollamos a través dos contos e das lendas de mortos que temos recollido...

Non tódolos que morren van dispostos do mundo pra entrar á disfrutar da outra vida, inda que sexa no inferno. Así no século pasado era moi corrente que os cadabres fosen amortaxados con hábito benzoado, cousa que lle privaba a entrada ó morto na rexión dos condenados, estoncias aparecía pola noite o pantasma nas encrucilladas ou diante dos cruceiros dos camiños aldeáns pra que unha persoa rachase aquel hábito. Son moitos os contos que a maxinación popular formou ó redor de somellantes aparicións...

(“O culto ós mortos”, Nós, Boletín mensual da Cultura Galega, Ourense, 15 de marzo de 1931).

20

Creencias encol das bruxas

... As xentes dan como segura a eistencia das meigas e relatan os seus feitos como cousa de todos coñecida. Atravesan os camiños, e viaxan polo aire alomeando en tres ringleiras, percurando atopar alguén que non crendo na súa forza teña de acompañalas e facer cantas cousas se lle antoxen sin que endexamais poidan averiguar os vieiros que levaron nin que forzas os arrumbaron de unha banda para outra.

Así contan que unha noite ían tres amigos por un camiño e ouviron uns berros que non sabían por que banda cadraban. Decátáronse de que o feito era das bruxas e marcharon calados un bo anaco de camiño, deica que os berros non foron ouvidos. Cando xa tiñan bo de chegar ás súas casas, un asubiou, e no intre as bruxas erguérono e levárono a un campo, alí preguntáronlle por onde quería camiñar aquela noite xa que tiña de seguir os seus mandados, e tiña dous vieiros: a terra e o aire. O home escolleu ir polo aire e levárono ó Miño, e alí o tiveron toda a noite no meio do río. De mañán cedo trouxérono perto da casa deixándoo no adro de unha eirexa...

Hai quen ten visto as bruxas polo día, queimando os toxos, nun eido que hai perto das casas, e beilando ó redor do lume. Cando ían chamar polo dono ollaban que non ardera nin naquel eido, nin nos dos veciños.

Atopámonos eiquí na presenza de unha das tan características xuntanzas das bruxas, festa que preside o demo a quen elas se entregan para ficar en posesión da sabencia.

(“Do folk-lore de Armeses – Listanco”, Nós. Boletín mensual da Cultura Galega, Ourense, 15 de decembro de 1931).

21

Camilo Díaz Baliño no grupo “Nós”

Camilo Díaz Baliño está iste ano no centenario porque naceu no Ferrol o 14 de xullo de 1889, e quero lembralo por ser amigo e admirador da súa obra. Foi do grupo “Nós” polo seu traballo no galeguismo e a súa vinculación ó grupo da creación e dende o seu comenzo. Como simbolismo do grupo tiña nun gran atril, encadernado nun soio volume, “Os camiños da vida” de Don Ramón Otero Pedrayo. Decía que era o seu “libro de horas”, estaba encadernado en pel con dibuxos feitos por el en papel intercalados, e guías de cintas de seda...

Era Camilo un atento cumpridor da galeguidade, percurando mostrar co seu exemplo como se conseguía vivir a galeguidade se vivimos os problemas de cada día mostrando a grandeza da nosa fala, pero, sen dúbida usando a lingua na fala e na escritura. Para nós era Camilo o verdadeiro representante das Irmandades da Fala e da revista A Nosa Terra. Comentábanse moito os dibuxos de Castelao e as novas correntes do arte...

Camilo Díaz Baliño, era ademais pintor do que vimos algúns cuadros, moitos figuran en Museos e particulares. Pouco antes de comenzo a guerra civil creo que fixera unha exposición en Artesanos na rúa do Vilar de Santiago, e na cadea fixo un álbum de dibuxos, antre os que figura o de Ánxel Casal que se ten publicado. Foi un gran artista, un idealista namorado de Galicia, un amigo leal, era un home do grupo “Nós”, foi sempre dos bos e xenerosos.

“Camilo Díaz Baliño no grupo “Nós”, Faro de Vigo, 29 de setembro de 1989).